



RESOLUCIÓN DA SELECCIÓN DE PROXECTOS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAIS XACOBEO 2021

Modalidade: Música, artes escénicas e audiovisual

I ANTECEDENTES

1 Mediante a Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, aprobáronse as bases para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de configurar un fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021(Fondo X21).

2 O anuncio da convocatoria e as bases publicáronse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística o 23 de maio de 2020 para que as persoas destinatarias presentasen as súas iniciativas que, segundo a base 9 da indicada convocatoria, son as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non estean incursoas nalgunha prohibición de contratar, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a xestión cultural e/ou artística, en concreto:

- a) Empresas culturais e/ou artísticas
- b) Cooperativas culturais e/ou artísticas
- c) Entidades ou institucións privadas de carácter cultural e sen ánimo de lucro que contén con persoal empregado nas súas estruturas organizativas
- d) Profesionais do sector cultural e artístico galego

II CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1 A base 12 da convocatoria prevé que a selección de proxectos será realizada por unha comisión técnica de análise integrada por tres persoas expertas designadas





pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo para cada modalidade das previstas nestas bases.

2 O día 27 de maio de 2020, mediante un acordo do secretario xeral de Política Lingüística, nomeáronse as persoas técnicas que integran as tres comisións técnicas das tres modalidades do Fondo Xacobeo 2021. Na primeira das tres modalidades inclúiranse os proxectos musicais, audiovisuais e de artes escénicas. Na segunda terán cabida os proxectos para dinamizar a lingua galega, o patrimonio cultural e os proxectos editoriais, literarios e expositivos. A última das modalidades está dirixida ao ámbito xacobeo, turístico, xeográfico, paisaxístico, gastronómico e de usos e costumes sociais.

A convocatoria prevé que os proxectos seleccionados se publicarán periodicamente para cada modalidade mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na web www.lingua.gal. Nela indícarase, por orde de prelación, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado. Tamén se publicarán os proxectos non seleccionados e, de ser o caso, os motivos de desistencia ou rexeitamento.

A publicación dos proxectos seleccionados non xerará dereitos económicos en favor das persoas interesadas ata que se formalice a adxudicación administrativa e, de ser o caso, o contrato correspondente, de acordo coa normativa contractual que resulte de aplicación.

En virtude do exposto, e de acordo co informe de valoración de cada proxecto e o protocolo de actuación do 1 de xuño de 2020 da comisión técnica de análise dos proxectos para obxectivar os criterios de selección,

RESOLVO:

1 Seleccionar os proxectos da modalidade de música, artes escénicas e audiovisual, que a continuación se indican e, así mesmo, iniciar os trámites para a súa contratación:





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
JUAN MANUEL ABREU FERNÁNDEZ	“Ummm! Unha comedia musical chega ao teu cole!!”: 3 funcións dunha comedia musical infantil adptable a diferentes tipos de espazo e medios técnicos + unidade didáctica + 30 copias dun CD coas cancións do espectáculo.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00
MARTA ALONSO TEJADA	Unha función do espectáculo de danza Bailar agora, de Marta Alonso en coprodución co Centro Coreográfico Galego. Desenvolverábase no Concello de Negreira en novembro de 2020.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.909,00
MANAN 2014 SL	“Solpores da Paula”: ciclo de 6 actuacións con dúos musicais (Dúo principal, Álex e Belén, Silvia e Lara, Dani e Álvaro, Dúo Karamba, Xuventude, Aixa e Romai e Melchor Rodo) no que se empregará a lingua galega tanto na narración como nas pezas musicais a interpretar	PRESENCIAL / MATERIAL	9.750,00
MIRAXE S. COOP. GALEGA	Gravación dun concerto de piano de Abe Rábade nun espazo natural	DIXITAL	9.999,44
GAITAFILMES SL	“Todas as casas”: curtametraxe de ficción, pero cunha investigación e temática documental, que mostra a singularidade da sociedade galega a través de casas rurais abandonadas e/ou pechadas dende hai moito tempo e da paisaxe.	DIXITAL	10.000,00
PAULA QUINTAS SANTOS	“Límites”. Gravación de vídeo-danza-circo protagonizada por Marguerita Morello e Paula Quintas.	DIXITAL	4.000,00
SUSANA GONZÁLEZ CASTRO	Curtametraxe “As cores do camiño”: creación coreográfica que fusiona a danza clásica coa danza tradicional galega. A idea explora a través da danza o poder e o significado das cores e a súa relación coas emocións.	DIXITAL	3.448,50
CRISTINA BALBOA RODRÍGUEZ	“Camiño ás raíces”: 2 funcións do espectáculo “O que se segue”, de Funboa Escénica, nas Rías Baixas. Irán acompañadas de charlas co público ao finalizar o espectáculo e de obradoiro aberto de prácticas de creación autorreferencial.	PRESENCIAL / MATERIAL	3.998,00
GUSTAVO DEL RÍO PRIETO	2 representacións a cargo de Os Náufragos Teatro da peza teatral Karelu, sobre violencia doméstica, en 2 concellos do Camiño Santiago-Fisterra. Cada representación irá precedida da proxección dunha curta documental de 15 minutos.	PRESENCIAL / MATERIAL	4.000,00





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
LA CHACRITA SLU	“De letras e galegas: mulleres da literatura galega actual”: 4 entrevistas gravadas do xornalista Diego Giráldez a 4 escritoras galegas: Arantxa Portabales, Leticia Costas, María Solar e Inma López Silva.	DIXITAL	9.999,44
MARÍA JOSÉ PÉREZ FERREIRA	“Baixar á terra”: videopoema que toma como base unha peza lírica creada por Vicente Vázquez Vidal, que cobra vida a través do audiovisual e da música da man de M J Pérez.	DIXITAL	3.950,00
ROMIXTER SL	“Un verso, un cantar”: 2 representacións dun espectáculo ambientado nos anos 50-60 onde a poesía e a canción van da man en homenaxe á diáspora galega. Fusión pouco habitual de declamación, canto e música, con poemas de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Neira Vilas, Méndez Ferrín ou Manuel Rivas	PRESENCIAL / MATERIAL	9.000,00
EDUARDO COMA VEGA	“Eu fum feliz, agora sei-non”: 2 recitais de música e poesía de Ricardo Carvalho Calero máis gravación do espectáculo	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	4.000,00
EVENT PLOT SL	3 obradoiros de percusión de man e canto tradicional, de 6 horas de duración cada un, a cargo de Xabier Díaz, que se van celebrar en 3 lugares diferentes da xeografía de Galicia	PRESENCIAL / MATERIAL	9.900,00
MANARTE PRODUCCIONES SL	Documental baseado na evolución das xeracións que pasaron polos 9 festivais de cine escolar “Olloboi”	DIXITAL	10.000,00
DAMIÁN UCEDA CORTÉS	“Obradoiros”: 4 vídeos producidos nos obradoiros de 4 artistas co obxectivo de poñer en valor a cultura galega	DIXITAL	3.920,00
CARLA LÓPEZ VÁZQUEZ	“Fagamos un bis”: Silvia Penide e Carla López. Ciclo de 4 concertos de formato dúo para realizar en exterior ou en pequenos espazos interiores (bibliotecas, centros cívicos...)	PRESENCIAL / MATERIAL	3.795,00
CATRO CASAS SC	3 concertos (no Auditorio de Celanova, no Castelo de Ribadavia e no Liceo de Ourense) da cantante franco-galega Mounqup, que serán gravados en vídeo.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	9.837,00
RAÚL ANDRADE GARCÍA	“Sons barrocos nas terras de Iria”: Concerto de música barroca para dúas trompetas e órgano na igrexa de Santa María de Iria Flavia. O concerto será gravado e difundido nas redes sociais.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	3.750,00





SOLICITANTE	OBJECTO / TÍTULO	FORMATO	ORZAMENTO
MARTA PÉREZ ALONSO	“Sofía”: 5 representacións desta peza específica para espazos non convencionais no Camiño de Santiago da compañía Inversa Teatro, na que se unen escena, filosofía e feminismo	PRESENCIAL / MATERIAL	3.926,75
NORDESÍA PRODUCIÓNS SL	“ELO, un camiño de músicas”: 300 unidades do libro-CD do grupo de música tradicional Ailá, máis un videoclip promocional e un concerto-presentación, que contará con músicos convidados internacionais así como con parellas e colectivos de baile.	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS	9.994,60
DANIEL PARDO MAROÑO	“Emerxencia”: proxecto de vídeo e danza. O proxecto consiste na realización dun videoclip de danza en que Davide Salvado e Abe Rábade lles poñen música a coplas galegas ás árbores, e Daniel Pardo e Miguel Pardo de Castro bailan xunto a árbores senlleiras de Galicia e en espazos pertencentes ao Camiño de Santiago. Mesturarase danza tradicional e contemporánea e participarán tamén bailadores e bailadoras de diversas agrupacións.	DIXITAL	3.935,00

A partir da publicación desta resolución na páxina web e dentro do ano natural 2020, as persoas solicitantes dos proxectos seleccionados, segundo a relación prevista no parágrafo anterior, recibirán unha notificación formal da resolución de adjudicación da persoa titular da secretaría xeral de Política Lingüística. Nela, indicaráselles as características esenciais para a adquisición das creacións culturais, lingüísticas e/ou artísticas e/ou dos bens culturais seleccionados e, igualmente, as condicións para a execución doutros servizos; e, así mesmo, de ser o caso, o prazo previsto para formalizar o contrato correspondente e a forma de facturación e de pagamento. logo da correspondente xustificación.

2 Desestimar os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBJECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	PUNTUACIÓN CALIDADE (mín 35 puntos de 75)	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
ASOCIACIÓN CULTURAL GALICIA FERMOZA	“Elas son camiño”:Videoclip promocional e 1000 copias do CD de Clara Pino, unha homenaxe a poetisas galegas e mulleres relevantes no eido da cultura.	10.000,00	24,00	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
ELEMENTAL STREET SL	Produción de 4 concertos de acceso de balde de artistas galegos (Thomas Dylan & Balea, Ortega, Zeltia Irevire e David Prado) en espazos singulares, no marco do Barbeira Season Fest	9.999,44	32,67	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL





SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	PUNTUACIÓN CALIDADE (mín 35 puntos de 75)	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
A.C. BIG AJAJAI	“Infancinema 2020”: Charlas en streaming sobre o audiovisual infantil / xuvenil. Mostra de curtas de centros educativos	7.323,80	33,33	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
DYR PRODUCCIONES	“Coas mans”: achegamento aos artistas plásticos galegos e á súa obra a través de 5 vídeos	8.000,00	15,33	Puntuación insuficiente	DIXITAL
IULIUS XIII SA	“A arte das mil caras” 5 concertos nos xardíns de Villa Florentina (casa-museo de Wenceslao Fernández Flórez, en Cambre) nos que se combina música, literatura, teatro e pintura.	9.500,00	25,33	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
RAMÓN MARÍA CEDRÓN DÍAZ	“Visibilidade da muller na Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade”: proxecto que busca visibilizar a muller no patrimonio da Ribeira Sacra, divulgando na rede con dispositivos QR e PDF a confluencia en certos concellos do Camiño de Inverno da muller coa súa cultura	3.949,44	18,67	Puntuación insuficiente	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS

3 Excluir os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	CAUSAS DE EXCLUSIÓN	FORMATO
BEATRIZ GÓMEZ FANDIÑO	“O Son da Morriña”: 3 concertos a piano e voz, recuperando as cancións da diáspora galega, tanto de autores galegos emigrados coma autores autóctonos que falan da emigración	4.000,00	Contidos non axustados ás bases	PRESENCIAL / MATERIAL
DARÍO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	“Nubes habitadas”: programa de literatura conducido por Darío Austrán no que se entrevista a personalidades da cultura galega, que comentan os libros imprescindibles da literatura universal. O programa cuxos donos fan tamén recomendacións literarias.	4.000,00	Memoria descritiva que careza de claridade ou dunha descrición suficiente para a súa adecuada valoración	DIXITAL
BRAIS GONZÁLEZ PÉREZ	“Liberaverso”: poetas galegos da Idade Media e do Rexurdimento musicalizados por Brais González, en 11 composicións destinadas a afondar na relación entre a palabra escrita e a música sen recorrer ao canto	3.932,00	Contidos non axustados ás bases	DIXITAL





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

A presente resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

